

ASUNTO: INCOACIÓN EXPEDIENTE “PÓLIZA DE SEGUROS DE DANOS PROPIOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADAS OU VINCULADAS Á ACTIVIDADE DE NAUTA SANXENXO, S.L.”

ASUNTO: DECRETO DE INCOACIÓN

Nauta Sanxenxo, S.L. é titular da concesión administrativa para a construción e explotación dun Porto Náutico-Deportivo no Porto de Sanxenxo (Pontevedra) outorgada por resolución do Ente Público Portos de Galicia de 7 de xuño de 2004.

En data 31/12/2024 finaliza o contrato de seguro de danos propios contratada coa compañía HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA DE SEGUROS Y REASEGUROS ramos para garantir os riscos e continxencias derivadas ou vinculadas á actividade de Nauta Sanxenxo, S.L.

Neste caso debido ao importe do contrato e de acordo co disposto no artigo 22 dos Estatutos de Nauta Sanxenxo, S.L., o órgano de contratación é o Consello de Administración de Nauta Sanxenxo, S.L., que ten atribuída a facultade de outorgar toda clase de actos, contratos e documentos públicos e privados que sexan precisos.

Así pois, á vista do exposto, segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude das miñas competencias delegadas polo Consello, como presidente do mencionado órgano de goberno, decreto que se proceda a incoar un expediente de contratación cuxo obxecto será a contratación da póliza de seguros de danos propios para garantir os riscos e continxencias derivadas ou vinculadas á actividade desta mercantil, sendo o Consello de Administración o órgano de contratación. As condicións base conteranse nun prego de condicións técnicas e outro de condicións administrativas e económicas, que baixo a supervisión dos órganos de goberno societario, redactarán os servizos técnicos da sociedade ou o persoal



especializado na materia obxecto de contratación que esta sociedade determine.

Darase conta perante o Consello de Administración, como órgano de contratación competente con facultade de outorgar toda clase de actos, contratos e documentos públicos e privados, de tódolos actos de tramitación de dito expediente ata que sexa remitida pola mesa de contratación, como órgano de asistencia, a súa proposta de adxudicación. Será o Consello de Administración o encargado de adxudicar motivadamente dito expediente.

En Sanxenxo, a data da sinatura dixital.

Fdo. Telmo Martín González

PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

